

A Xunta aboará o maior anticipo da Política Agraria Común da historia de Galicia: máis de 65 millóns de euros para 26.000 gandeiros e agricultores

Feijóo apunta que a nosa comunidade será a primeira en pagar este importe e que a porcentaxe de beneficiarios é 11 puntos superior á media do Estado

O presidente do PPdeG, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que a Xunta aboará dende esta semana o anticipo das axudas da Política Agraria Común (PAC) que será o maior da historia de Galicia, tanto en número de beneficiados como en importe. Deste xeito, un total que ascende a 65,3 millóns de euros chegará a 26.007 gandeiros e agricultores, convertendo á Comunidade na primeira Autonomía en pagar este importe.

Feijóo precisou que a contía destas axudas supón o dobre do que se anticipou en 2013 -32,6 millóns de euros-, e o 83% máis do anticipo que se deu en 2014, que foi de 35,8 millóns de euros. Unhas axudas que, segundo explicou, a Xunta pagará de xeito conxunto coa axuda acoplada do sector lácteo, que é estratéxico para Galicia.

Nesta liña, salientou que en Galicia o número de beneficiarios é moito maior ca noutras comunidades onde as axudas están máis concentradas, e destacou que a porcentaxe de galegos que reciben o anticipo da PAC está 11 puntos por riba da media das autonomías que pagan este importe. Ademais, sinalou que outra diferenza é a modalidade de pagamento, posto que Galicia realizarao dunha soa vez, para achegar certeza e seguridade ao sector.

Así, os 65,3 millóns de euros corresponden a tres conceptos diferentes: o Pagamento Básico aos Agricultores; o Pagamento Verde, destinado aos gandeiros e agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente; e a axuda acoplada ao sector lácteo.

Xunto con isto, a Xunta tamén tramitará esta mesma semana a petición adicional de 7,1 millóns de euros de indemnizacións compensatorias, para compensar os custos adicionais e as perdas de ingresos que supón a produción agrícola en zonas de montaña e outras zonas desfavorecidas. Esta axuda contribuirá a paliar os problemas de tesouraría que veñen arrastrando os nosos empresarios agrícolas en canto non se estabilicen os mercados.

Por outra banda, o presidente dos populares galegos apuntou que a axilidade na tramitación destas axudas foi posible grazas á xestión compartida entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas. Cabe salientar que este é o primeiro exercicio en que as axudas da PAC se tramitan a través dunha aplicación informática conxunta elaborada entre o Ministerio e as autonomías, o que supón un importante aforro de custos.

Estas axudas son unha mostra máis do esforzo que a Xunta está a dedicar ao agro galego e, concretamente ao sector lácteo, no que leva investido xa, ao longo deste ano, 148 millóns de euros. Ademais, tamén destacan outras medidas como a promoción da marca Galega 100%, a achega de 30 millóns de euros para o desenvolvemento industrial do sector, e o Plan de desenvolvemento rural 2015-2020, que supón un investimento de preto de 1.600 millóns de euros.